



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social

Materia	Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social			
Código	O05G220V01403			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Domínguez Alonso, José			
Profesorado	Domínguez Alonso, José Rodríguez Villarino, Rafael			
Correo-e	jdalonso@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Principios fundamentais da investigación social: paradigmas, enfoques, cuestións éticas e tipos de investigación no ámbito das ciencias sociais. Técnicas cuantitativas e técnicas cualitativas aplicadas á investigación social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados

- C5 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
- C6 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- C7 Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, cuidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
- C8 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- C9 Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
- C10 Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
- C12 Diseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
- C15 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- C17 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- C18 Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
- C19 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fiéis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- C22 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- C23 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- C25 Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
- D1 Capacidade de análise e síntese
- D2 Capacidade de organización e planificación
- D3 Capacidade reflexiva
- D4 Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
- D6 Coñecemento da cultura propia da comunidade
- D7 Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
- D8 Capacidade de xestión da información
- D9 Resolución de problemas
- D10 Toma de decisións
- D11 Traballo en e con equipos diversos
- D12 Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
- D13 Traballo nun contexto internacional
- D15 Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
- D16 Razoamento crítico
- D17 Compromiso ético
- D18 Aprendizaxe autónoma
- D19 Adaptación a novas situacións
- D20 Creatividade
- D22 Iniciativa e espírito emprendedor
- D23 Motivación pola calidade
- D24 Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

1.- Capacidade de aplicar os métodos e técnicas de investigación en Traballo Social ao longo das súas diversas fases.	A2	B2	C3	D1
	A3	B5	C4	D2
	A4	B6	C5	D3
	A5		C10	D4
			C12	D8
			C19	D9
			C22	D10
			C23	D11
				D12
				D16
				D17
				D18
				D20
				D22
3.- Coñecer, comprender e avaliar o papel da investigación como indagación e participación reflexiva na construción da realidade social.	A2	B4	C4	D1
	A3	B5	C5	D2
	A4	B6	C10	D3
	A5		C12	D4
			C15	D8
			C17	D9
			C22	D10
			C25	D12
				D16
				D17
				D18
4.- Capacidade de analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como base para revisar e mellorar as estratexias profesionais.	A2	B1	C3	D1
	A3	B4	C5	D2
	A4	B6	C9	D3
			C10	D4
			C12	D8
			C15	D9
			C22	D10
				D11
				D16
				D17
5.- Coñecemento e habilidades na busca de información a partir dunha diversidade de fontes.	A3	B2	C3	D1
	A4	B5	C4	D2
	A5	B6	C5	D3
			C10	D4
			C12	D8
			C22	D9
				D11
6.- Desenvolver unha actitude ética en concordancia cos distintos procedementos investigativos e co Traballo Social.	A1	B1	C2	D1
	A3	B2	C3	D2
	A4	B4	C4	D3
	A5		C5	D4
			C9	D8
			C12	D9
			C17	D10
			C18	D17
			C22	D19
			C23	D20
				D22
				D23

7.- Capacidade de aplicar os métodos e técnicas de valoración, incluíndo os factores que subxacen á selección e verificación da información relevante, a natureza do xuízo profesional e os procesos de avaliación de riscos.	A2	B2	C3	D1
	A3	B4	C4	D2
	A4	B5	C5	D3
	A5	B6	C7	D4
			C8	D8
			C9	D9
			C10	D10
			C12	D11
			C17	D13
			C18	D16
			C19	D17
			C22	D18
				D19
				D22
8.- Capacidade de avaliar as diferenzas de punto de vista na recolleita de información e a fiabilidade e importancia da información recollida.	A3	B1	C2	D1
	A4	B4	C3	D2
	A5	B5	C4	D3
		B6	C5	D6
			C6	D7
			C8	D8
			C9	D9
			C10	D10
			C12	D12
			C15	D13
			C17	D15
			C18	D17
			C19	D19
			C22	D20
			C23	D22
				D23
				D24

Contidos

Tema	
BLOQUE TEMÁTICO I. FUNDAMENTOS DA INVESTIGACIÓN SOCIAL	Introdución. A Ciencia: concepto, características, clases, obxectivos. O método científico: concepto, etapas, características, orzamentos, requisitos, finalidade, etapas. O método científico nas Ciencias Sociais. Clases de métodos nas Ciencias Sociais: métodos científicos, métodos non científicos.
1. A CIENCIA E O METODO CIENTIFICO.	
2. A INVESTIGACION SOCIAL.	Noción e características. Tipos de investigación social. Elementos da investigación social: teorías, feitos, leis, hipótese, conceptos, constructos. A función das teorías na investigación social. Elaboración de teorías: teorías indutivas, teorías hipotéticas - dedutivas, teorías funcionais, modelos. Fases da investigación social. O proxecto de investigación.
BLOQUE II. PROCESO DA INVESTIGACIÓN SOCIAL	O proxecto de investigación. A formulación do proxecto de investigación. Concepto. Fases do problema: detección; elaboración: consulta bibliográfica, discusión con outros investigadores, elaboración da historia do problema; formulación. Operacionalización do problema de investigación. Categorías de problemas: problemas resolubles, problemas irresolubles. Tipos de problemas que hai que investigar. Aspectos dos problemas a investigar. Importancia do problema. O deseño da investigación. A factibilidade da investigación.
3. ORGANIZACIÓN DA INVESTIGACIÓN.	
4. A PLURALIDADE METODOLÓXICA	Introdución: o debate cualitativo-cuantitativo. Características do enfoque cuantitativo. Características do enfoque cualitativo. Análise comparativa dos dous enfoques: cuantitativo/cualitativo. Utilización dos dous enfoques nunha mesma investigación. Opinión-discusión: Cal dos dous enfoque é o mellor?
BLOQUE TEMÁTICO III. TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVAS	Introdución. Concepto e natureza da observación. A observación non estruturada. A observación estruturada. A observación participante. Fases da metodoloxía observacional. A fiabilidade e validez na observación.
5. A OBSERVACIÓN	
6. A ENQUISA	Introdución. Noción e características. Tipos de cuestionarios: segundo os fins científicos, segundo a súa administración ou aplicación, segundo o seu contido e dimensión temporal. Formas e tipos de preguntas: segundo a súa natureza, a súa finalidade e a súa función. Regras para a formulación e redacción das preguntas. Extensión e ordenación do cuestionario. Proba e presentación do cuestionario. Codificación, tabulación e análise. Campos de aplicación.

BLOQUE TEMÁTICO IV. TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN CUALITATIVAS	Introdución. Antecedentes, noción e características. Contribución desde distintas posicións teóricas ao desenvolvemento da entrevista. Clasificación da entrevista. Requisitos, dificultades e regras da entrevista. Investigacións experimentais. Fiabilidade e validez da entrevista.
7. A ENTREVISTA	
8. O GRUPO DE DISCUSIÓN	Introdución. Concepto e características. Reunións e conduxión de grupos. Técnicas grupais. A dinámica de grupos. Utilidade e deseño. Análise e interpretación.
BLOQUE TEMÁTICO V. INVESTIGACIÓN E PRESENTACIÓN DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN	Introdución. Concepto e características. Trazos que definen á Investigación-acción-participación. Proceso da Investigación-acción. Modelos. A investigación-acción-participación. Etapas e fases. Avaliación participativa. Áreas de aplicación.
9. A INVESTIGACIÓN-ACCIÓN-PARTICIPACIÓN	
10. O INFORME FINAL	Introdución. Conceptualización. Fins e funcións. Técnicas referentes á elaboración e redacción. Técnicas referentes o contido e presentación final.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	0	22.5
Traballo tutelado	0	45	45
Debate	1.5	0	1.5
Seminario	22.5	30	52.5
Exame de preguntas obxectivas	1	22.5	23.5
Debate	1	4	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	A sesións maxistras son o elemento fundamental para transmitir os coñecementos sobre calquera disciplina. A docencia se centra na exposición teórica dos contidos correspondentes aos diferente temas do programa da materia. Para facilitar a comprensión e dominio da metodoloxía farase unha introdución a cada tema, con aclaración conceptual e terminolóxica. Realizaranse unha serie de exercicios prácticos, para axudar ao alumno tanto na asimilación dos contidos coma estimulando a súa participación e discusión, onde tamén se clarificarán aspectos que necesiten unha explicación máis ampla. Desenvolverase en gran grupo.
Traballo tutelado	Realización, presentación e defensa dun proxecto de investigación cuantitativa-cualitativa.
Debate	Presentación e defensa do traballo de investigación.
Seminario	Desenvolveráse no grupo mediano, serán o complemento das sesións maxistras. Tratarán sobre un tema específico, coa finalidade de profundizar nos contidos teóricos da materia. Os estudantes, de maneira individual ou en grupos de 4, elaborarán un traballo de investigación sobre un tema específico da materia do seu interese. Estes traballos cumpren con dous obxectivos básicos: constitúen o complemento esencial da materia e, representa a iniciación do alumnado á práctica da investigación no ámbito social. No seu desenvolvemento hai un nivel teórico, consistente na lectura e comentario da bibliografía sobre o tema, a partir do que os alumnos elaborarán o marco teórico, interpretarán os resultados acadados, e un nivel práctico correspondente á recollida dos datos. Estes dous niveis concréntanse na elaboración dun informe de investigación segundo as pautas, procesos e procedementos que se deben seguir ao realizar un traballo académico no ámbito social. Este traballo será baixo a dirección e orientación do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Levaranse a cabo en grupos medianos distribuídos en subgrupos de 3 a 5 alumnos.
Traballo tutelado	Elaboración dun proxecto de investigación en grupo supervisado paso a paso polo profesor.
Debate	Presentación e defensa do traballo de investigación.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Nas sesións grupos medianos orientarase a realización das tarefas para o deseño e elaboración do traballo de investigación a entregar por escrito con formato académico. Accións de obrigado cumprimento en tempo e forma para acadar unha avaliación positiva.	40	A4 A5	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C12 C15 C18 C19 C22 C23 C25	D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9 D10 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D22 D23 D24	
Seminario	Os alumnos deberan realizar as tarefas encomendadas para cada sesión do seminario e corresponderanse cos pasos básicos dunha investigación. A asistencia será necesaria para poder acadar a cualificación deste apartado, e ademáis debe presentar as tarefas encomendadas.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B6	C2 C3 C5 C6 C8 C9 C10 C15 C17 C22 C23	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D15 D16 D17 D18 D19 D22 D23 D24
Exame de preguntas obxectivas	Constará de 20 a 30 preguntas de resposta alternativa utilizando na súa corrección a fórmula: $a-e/n-1$. Versará sobre os contidos da materia desenvolvidos nas sesións maxistras.	40	A1 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B5 B6	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C12 C15 C17 C18 C19 C22 C23 C25	D1 D2 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D22 D23 D24
Debate	Presentación e defensa do traballo de investigación.	10			C4 C8 C9 C12 C15 C17 C18 C25	D2 D3 D6 D9 D10 D17 D18 D20 D23 D24

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os alumnos entregarán a ficha ao profesor no primeiro mes de clase, especificando o tipo de asistencia elixido. Nos criterios de avaliación final da materia teranse en conta todo o conxunto de aspectos incluídos nos diferentes apartados desta Guía

Docente, directamente vinculados co seguimento do ritmo de aprendizaxe do alumno, tomando como punto de partida a observación sistemática diaria do profesor desde o primeiro día de clases.

A) Criterios específicos de avaliación para alumnado con avaliación continua:

Serán alumnos asistentes os que teñan unha asistencia mínima, dun 80% nas Sesións Maxistras e un 80% nos Seminarios. As puntuación que poden acadar por apartados serán:

- 1.- Proba tipo test (ata un máx. de 4 puntos) e mín. de 2. Cunha puntuación inferior a 2, non se acadaría a puntuación positiva na materia.
- 2.- Seminarios Grupos Medianos (máx. 1 punto), asistencia e participación.
- 3.- Traballos tutelados: presentación-entrega dos traballos e un (máx. 4 puntos)
- 4.- Outras: pola exposición/Debate (1 punto).

B) Criterios específicos de avaliación global Deberán poñerse en contacto co profesor canto antes, pero alomenos no primeiro mes de clases. As puntuacións que poden acadar serán as seguintes:

- 1.- Proba tipo test (máx. 5 puntos)
- 2.- Traxallo tutelado (máx. 4 puntos)
- 3.- Defensa traballo tutelado (1)

C) Segunda convocatoria

Os alumnos que non acaden positivamente algunha das partes de que consta a avaliación desta materia, poderán recuperala na convocatoria de xullo. As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobados nese curso académico.

D) O sistema de cualificacións expresarase numéricamente, dacordo co establecido no artigo 5 do RD 1125/2003 de 5 de setembro (BOE do 18), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións unversitarias de carácter oficial.

E) En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hernández, R.; Fernández, C. e Baptista, P., **Metodología de la investigación**, Quinta edición, McGrawHill, 2010

Facal Fondo, T., **Guía para elaborar un proyecto de investigación social**, Primera edición, Paraninfo, 2015

Bibliografía Complementaria

Anguera, M.T., **Metodologías cualitativas: Características, procesos y aplicaciones. En M.A. Verdugo, M. Crespo, M. Badía y B. Arias (coords): Metodología en la investigación sobre discapacidad. Introducción al uos d**, Publicaciones INICO, 2008

Arnau, J. y Bono, R., **Diseños de investigación aplicados (CD-ROM)**, Edicions Universitat de Barcelona, 2003

Corbetta, P., **Metodología y Técnicas de Investigación Social**, Mcgraw Hill, 2007

Guinot, C. (coord.), **Métodos, técnicas y documentos utilizados en trabajo social**, Universidad de Deusto, 2007

Vallejos, A.F. y Orti, M., **Métodos y Técnicas de Investigación Social**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2007

Hernández Sampieri, **Metodología de la Investigación Social**, Quinta edición, McGraw-Hill, 2014

Losada, J.L. y López Feal, R., **Métodos de investigación en Ciencias Humanas y Sociales**, Thompson Editores Spain/Paraninfo, 2003

Callejo, J. y Viedma, A., **Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención**, Síntesis, 2010

Bisquerra, R. (Coord.), **Metodología de la investigación educativa**, La Muralla, 2004

Gil, J.A., **Métodos de investigación en educación. Volumen III. Análisis multivariante**, UNED, 2010

McMillan, J. y Schumacher, S., **Investigación educativa**, Pearson Educación, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social/O05G220V01403

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Psicoloxía social/O05G220V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estatística: Estatística aplicada á investigación social/O05G220V01202

Outros comentarios

O alumnado debe ter en conta as seguintes recomendacións:

1. Coñecer os apuntes e material básico da materia, seguindo diariamente as exposicións maxistras da aula.
2. Planificar e organizar os grupos de traballo, para elixir o tema do seu interese e comenar o seu desenvolvemento.
3. Preguntar cada día as dúbidas ao profesorado.

4. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
